

## **BASES XERAIS**

### **CURSO DE “LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA A1”**

#### **1. INFORMACIÓN XERAL**

O curso de “*Lingua de signos española A1*” terá unha duración de 60 horas.

*Datas formación:* 11, 16, 18, 23, 25, 30 de maio; 1, 6, 8, 13, 15, 20, 22, 27, 29 de xuño; 4, 6, 11, 13, 18, 20, 27 xullo.

*Horario:* 10:30 a 13:00 do 11 de maio ao 20 de xuño; 10:30 a 13:30 do 22 xuño ao 27 xullo

*Lugar:* Aula Centro Sociocultural - Auditorio de Rianxo

*Cota de inscrición:* 30 euros

Número máximo prazas: 15 - Número mínimo prazas: 10

#### **2. DESTINATARIOS/AS**

Persoas maiores de 16 anos, interesadas en acadar coñecemento sobre a lingua de signos española.

Darase preferencia as persoas que estean empadroados no Concello de Rianxo.

#### **3. INSCRICIÓNS**

As persoas que desexan participar neste curso realizarán a inscrición en liña en [www.concelloderianxo.gal](http://www.concelloderianxo.gal). Poderase realizar de xeito presencial no Servizo de Xuventude, sito no Auditorio de Rianxo.

O prazo para presentar as solicitudes será **dende o 28 de abril ás 12:00 ata o 07 de maio ás 24:00 horas.**



#### 4. SELECCIÓN

1º Por orde de inscrición entre os que estean empadroados en Rianxo.

2º Por orde de inscrición.

#### 5. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS

O listado definitivo de admitidos/as publicarase entre os días 8 e 9 de maio na páxina web do Concello de Rianxo [www.concelloderianxo.gal](http://www.concelloderianxo.gal) e serán avisados mediante chamada telefónica ou correo electrónico.

Os admitidos/as terán un prazo de 2 días para facer o abono da cota de inscrición (30 euros), presentando, no Servizo de Xuventude, o xustificante bancario e un volante de empadramento. De non recibirse o xustificante o segundo día, chamarase ao seguinte do listado que terá un prazo de 2 días para aboalo.

Tanto no caso de non comezar o curso e non comunicalo por escrito previamente, como de sobrevir na súa participación non se devolverá a cota de inscrición.

#### 6. RÉXIME DE ASISTENCIA E DIPLOMAS

A expedición do diploma supeditase á acreditación dunha presenza mínima do 90% das horas, aínda cando as causas estiveran xustificadas.

Os diplomas entregaranse ao rematar o curso ou serán enviados por correo postal.